




Organizando Abalar no centro

Antonio Rivas


IES Pontepedriña



Elementos da aula Abalar

Que hai nunha aula Abalar

- Ordenador para o profesorado
- Encerado dixital interactivo
- Proxector de vídeo
- Armario de carga
- Miniportátiles para o alumnado
- Punto de acceso wifi
- Servidor de contidos (para o centro)



Imaxe: CPI Vicente Otero Valcárcel (Carral)

Ordenador para o profesorado

- Emprega Linux
- Non temos privilexios de administración
 - Non podemos engadir ou quitar software
 - Unha solución son as aplicacións portables
 - Un problema serio son as impresoras
- Debe quedar enchufado para que cargue pola tarde



Encerado dixital interactivo


- É o gran éxito inicial das aulas Abalar, entre o profesorado
 - Pola posibilidade de usar cores, imaxes e vídeos
 - Porque permite gardar os encerados de todo o curso e volver a eles
 - Porque permite actividades interactivas co alumnado



Imaxe: Publicidade de Avitech

O software de Smart

- É sinxelo de utilizar
- Hai moitas actividades xa feitas, para descargar desde internet
 - Hai que rexistrarse previamente
- Hai unha versión web
 - Moi limitada, só para xogar un pouco
- O profesorado pode descargalo para usar na casa
 - Require dun número de rexistro
- Ten algunhas limitacións (p. ex. número de cores)




Encerado dixital interactivo

- É táctil
 - Vantaxes:
 - Pode usarse cos dedos (limpos). Nunca deben usarse bolígrafos!
 - Inconvenientes:
 - ¡Ollo cos despistes cos rotuladores!: ¡Non se pode limpar!
 - É fácil tocar sen querer
 - Non se poden apoiar regras ou semellantes

Encerado dixital interactivo

- Ás veces é un pouco lento
 - Os trazos “saltan”
- Cómpre adestrar ao profesorado na calibración
- Algunhas veces (pero é raro) non se inicia correctamente (a luz non se pon verde)
 - Soe bastar con desconectar e volver conectar o cable USB



Simulación do comportamento erróneo

Proxector de vídeo

- Ten de bo que case non proxecta sombras
- É máis difícil de regular que un típico
- En teoría o profesorado non ten que tocar nada no ordenador para que se vexa ben
- Ollo aos “torpes” que estragan os cables VGA!



Ordenadores para o alumnado

- O teclado é un chisco incómodo
- Son relativamente “delicados”
 - Especialmente no relativo aos “meneos” de pantalla e á presión na pantalla
- O punteiro é cómodo, pero desalíñase moi facilmente
 - Ao final é máis útil o panel táctil
- Algúns apáganse repentinamente
 - Como o alumnado tende a “tirar para adiante” non sempre coñeces eses problemas.

Ordenadores para o alumnado

- **Avarías:**
 - Non sempre é fácil distinguilas de usos incorrectos
- **Clonado:**
 - Sinxelo de facer, pero non sempre resulta
 - Hai varios modos de clonación
 - Idea: “marcar” os clonados mediante un arquivo de texto

Rede wifi

- A súa eficacia decae moi rapidamente co número de ordenadores conectados
 - Non é un problema Abalar, senón xeral.
- É normal que haxa ordenadores que perdan transitoriamente a conexión.



Armario de carga

- Serve para gardar:
 - Os ordenadores (tamén os carga)
 - O mando do proxector de vídeo
 - O punteiro do encerado dixital
 - A lista do alumnado e o seu ordenador
- Ten de malo:
 - Ocupa bastante na aula
 - Un precioso botón vermello que está a dicir “púlsame!”
 - Fai ruído cando carga
 - debe ocorrer fóra do horario escolar



Servidor do centro

- É un servidor de contidos
 - Ademais, tirando a pouco potente
 - Tamén realiza tarefas na rede Abalar
- Non ten a funcionalidade dunha aula virtual
 - Inicialmente estaba previsto un Moodle, pero non o ten
- Vén “precargado” con (demasiados) contidos



Servidor de centro


- Ten de bo:
 - Non é tan fácil que caia como internet
 - A conexión sempre é rápida
 - A Consellería encárganse do seu mantemento, de xeito telemático
- A aplicación de manexo de contidos é sinxela e eficaz
- Pequeno traballo para o coordinador: crear e manter as contas do profesorado

Abalar non inclúe

- Imprescindible:
 - Alarma antirrobo
 - Altosfalantes decentes
- Convén que o alumnado teña:
 - Rato USB
 - Pendrive
 - Pode substituírse por unha conta de Google Drive
 - Auriculares!
- Boto de menos:
 - Chaves para todo o profesorado

Non está contemplado

- Engadir software nos ordenadores
 - Unha saída son as aplicacións portables
- Eliminar software dos ordenadores
 - Teñen os mesmos programas os de 5º de EP que os de 2º de ESO
 - O alumnado ten demasiado onde “fuchicar”
 - Unha razón máis para o control da aula
- Unha impresora de aula!
 - Pódese resolver, pero dando (demasiados) rodeos



A historia de Abalar no meu centro

IES Pontepedriña

Dotación das aulas

- Chegaron pronto os ordenadores, carros de carga, encerados, puntos wifi
- Tardounos: o servidor
- Tardounos ata a exasperación: o funcionamento da rede!



Formación

- Mellor non lembramos como foi o primeiro ano de Abalar...
 - O segundo xa se fixeron as cousas moitísimo mellor
- É moi importante que o profesorado teña formación
- Unha boa saída é organizar un PFAC, ou un GT ou un SP
 - Porén, cómpre evitar o “one size fits all”

Que fixemos nas aulas?

- Protocolos de recollida e entrega
- Actividades web
- Actividades na aula virtual
- Actividades de busca, selección e elaboración da información





Organizando o comezo

IES Pontepedriña

Preliminares

- Etiquetar os ordenadores
- Listas: cada ordenador ten un responsable
- Cartas aos pais
- Normas de uso
- Tratar na aula a cuestión do control do alumnado
- Criterios para os desdobres



Normas

- Cada alumno é o responsable do seu ordenador
- Fundamental: só se usa cando e como indique o profesorado
- Non resolver incidencias, comunicalas
- Prohibicións:
 - Instalar complementos
 - Acceder a contidos non relacionados coas tarefas
 - Por suposto, especialmente os desaxeitado



Un obstáculo: a mentalidade do alumnado

- Un primeiro obxectivo ten que ser que o alumnado identifique o seu ordenador como unha ferramenta de traballo na aula
 - Polo tanto, **nunca** usalo como ferramenta de ocio!
 - Coidado coas gardas mal entendidas!!!
- Ollo cos “que saben moito”!
 - Rompen moito a marcha das clases
- Quen realmente sabe é o profesorado, pois coñece o uso que se lle debe dar na súa clase
- Para o profesorado é importantísimo evitar acabar sendo “apagalumes” nas aulas
 - É absolutamente esencial a marcha conxunta da aula



Este non debe ser o rol do profesorado

Primeiros ensaios

- Recorrer á titoría para traballar o elemental
 - Tamén poden axudar PIN (en 1º) e Atención educativa
- É importante a unidade de actuación do profesorado
 - Respecto polas normas de uso
 - Cartafoles para gardar os documentos
 - Etc



Linux

- Non é un problema, é unha solución!
 - Máis seguro e estable que Windows
 - Gratuíto!
- A única dificultade é o cambio!
 - Pero despois non se quere volver a Windows!



Formación do profesorado

- Recomendacións:
 - PFAC ou grupos de traballo
 - Esencial:
 - Xente interesada
 - Con coñecementos técnicos semellantes
 - Actitude de participar (non de asistir)
 - Duración o máis curta posible (dentro do axeitado)
 - Ao principio centrarse no que se usa máis
 - Encherado dixital
 - Moodle
- A sala de profesorado, cafetería, etc son os mellores espazos de formación



Atopar información

Aula Aberta ABALAR - Mozilla Firefox

Aula Aberta ABALAR

www.edu.xunta.es/centros/abalar/aulavirtual/


abalar clonacion

Está a utilizar actualmente un acceso de convidado (Acceso)

Galego (gl)

Aula Aberta ABALAR

Benvido/a á Aula Aberta ABALAR



Aula con todos os materiais formativos do Proxecto Abalar, aberta a toda a comunidade educativa.

Categorías de curso

- Proxecto Abalar. Documentación da Fase III**
Centro Público ABALAR 2012 - 2013
- Proxecto Abalar: Documentación da Fase II**
Centro Público ABALAR 2011 - 2012
Centro Concertado ABALAR 2011 - 2012
Lista de Software Abalar 2.0
- Manuais de aplicacións instaladas nos equipos Abalar.**
Redimensionar imaxes con Nautilus Imaxe Converter.
Gravación de CDs e DVDs con K3b.
Traballando coas ferramentas de son dos portátiles Abalar
Tratamento de imaxes con GIMP
Creación de presentacións multimedia con IMPRESS
Traballando coas ferramentas de video dos portátiles Abalar
- Aulas Dixitais**
Aulas Dixitais 2011 (con HP 6550b)

Buscar en cursos: Ir

www.edu.xunta.es/centros/abalar/aulavirtual

Atopar información

Curso: Centro Público ABALAR 2012 - 2013 - Mozilla Firefox

Curso: Centro Público ABALAR...

www.edu.xunta.es/centros/abalar/aulavirtual/course/view.php?id=23

abalar clonacion

Centro Público ABALAR 2012 - 2013

Está a utilizar actualmente un acceso de convidado (Acceso)

AB > ABPUB12_13

Consellería de Educación

XUNTA DE GALICIA

WEDS Dinámicas

CC (Licenza Creative Commons)

GNU Linux

CC BY NC SA

Aula virtual Aberta ABALAR da Consellería de Educación e O.U. Os textos están baixo licenza Licenza Creative Commons Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España License.

Para as imaxes e documentos aloxados ver as atribucións correspondentes

Esquema de tema



Centro Público Abalar 2012- 2013

Neste espazo atópase un repositorio coa documentación sobre o **Proxecto ABALAR curso 2012-2013** para a consulta e información dos centros públicos participantes no Proxecto.

A **documentación** aquí presentada está relacionada cos **aspectos técnicos do Proxecto**: rede abalar, servidor do centro abalar, EDI, ultraportátiles de alumnos e portátil do profesor, videoproxector, instalación dos elementos e o propio espazo Abalar.

Sobre este espazo:

- Presentación do curso
- Glosario
- Atribucións das imaxes e documentos recollidos

1 **Información de interese para coordinadores ABALAR**

ABP



Resolvendo os problemas

IES Pontepedriña

Os problemas máis comúns: encerado dixital

- Escritura con rotulador, manchas
 - Limpar inmediatamente cun pano impregnado nun produto suave (limpacristais, alcol)
- Non responde
 - Probar a desenchufar e volver enchufar o USB
- Non está ben aliñado
 - Calibrar o EDI

Os problemas máis comúns: proxector


- Faltan cores, ou ten unha dominante
 - O cable VGA ten pins dobrados ou estragados
- A imaxe sae fóra do EDI
 - Mirar no ordenador o ciclo de teclas de envío de sinal ao proxector
 - Restaurar o equipo do profesor

Os problemas máis comúns: carro de carga

- Non carga ningún ordenador
 - Verificar que o botón vermello ou o interruptor do cable de tensión non foron pulsados
- Hai equipos que non cargan
 - Comprobalo cun cargador individual (veñen nas caixas dos ordenadores) e tamén cun ordenador que si cargue
 - No 99% dos casos hai que comunicalo á UAC
- Se os portátiles quedan mal enchufados pode queimarse a conexión de alimentación!

Os problemas máis comúns: ordenador do profesorado

- Non reproduce os DVD, non abre os arquivos de...
 - Sen solución. Con sorte, usar unha aplicación portable
 - Non todas van correctamente, por falta de librerías
- Non conecta á rede wifi
 - Verificar o manager de wicd
- O panel táctil non vai ben
 - Usar un rato
- Non hai son
 - No 99% dos casos é porque alguén o silenciou



Os problemas máis comúns: ultraportátiles


- A conexión wifi non é estable
 - É algo normal. Organizar o traballo de xeito que non sexa necesario cargar a rede:
 - Evitar os accesos simultáneos dos equipos á rede
 - Evitar as transferencias de arquivos pesados (ollo co vídeo!)
 - Recorrer ao servidor Abalar
- Punteiro desaliñado (moi habitual!)
 - Só se arranxa (e non sempre) restaurando o equipo. Recomendar o uso do panel táctil ou (mellor) de rato, en troques do punteiro
- O rato marcha para a esquina superior esquerda
 - Só se arranxa (e non sempre) restaurando o equipo
- Saltou unha tecla
 - Chamar á UAC

Restauración de equipos

- É unha saída habitual se un equipo non funciona correctamente e non lle atopamos a causa
- Convén levar un rexistro dos equipos restaurados
- Faise a través do servidor Abalar do centro
- Hai varios modos, tanto para o ordenador de profesorado como para o de alumnado :
 - Restaurar partición: pérdense os datos, pero non a capacidade de actualización automática do equipo
 - Restaurar disco: pérdese todo. Cómpre notificalo á UAC.

Restauración de equipos

- Conectamos o ordenador ao servidor (cable de rede amarelo)
- Arrancamos o ordenador desde a rede
 - Pulsamos [F12] para acceder ao menú de arranque
- Escollemos o tipo de restauración no menú



Restauración de equipos

- Arrancar desde disco duro: non restaura nada
- Alumnado: restaura os equipos de alumnado
- Profesorado: restaura os equipos de profesorado
- Accesibilidade: carga unha versión para alumnado con certas necesidades educativas especiais
- Outras: permite o acceso aos modos de restauración completa

Restauración de equipos

- Só debemos recorrer á restauración completa se non foi útil a restauración de partición



The image shows a terminal window with a blue background. At the top, there is a black bar with the text "SUBMENU OUTRAS" in white. Below this, there is a grey bar with the text "VOLTAR AO MENU PRINCIPAL" in white. Underneath, there are two options: "(1) ALUMNADO COMPLETA" and "(2) PROFESORADO COMPLETA". In the center, there is a yellow text prompt: "Press [Tab] to edit options". At the bottom left, there is a paragraph of text in Spanish explaining how to use the restoration options. At the bottom right, there is a logo for "PROXECTO ABALAR" and the text "XUNTA DE GALICIA" and "Unidade de Atención a Centros".

SUBMENU OUTRAS

VOLTAR AO MENU PRINCIPAL

(1) ALUMNADO COMPLETA

(2) PROFESORADO COMPLETA

Press [Tab] to edit options

Logo da restauración COMPLETA enviar á uac@edu.xunta.es:
"Hostname do equipo e hora da restauración"
---- Exemplo: "alumno-001d09229ea7" - 15/01/2012-12:00h
---- Exemplo: "profesor-74de2b35ac8f" - 21/01/2012-10:30h
(consulta do "hostname" en Accesorios > Terminal)

 PROXECTO ABALAR

XUNTA DE GALICIA
Consellería de Educación e O. U.

Unidade de Atención a Centros
902 905 445 uac@edu.xunta.es

Máis información: www.edu.xunta.es/wikiabalar



Animar o profesorado

IES Pontepedriña

O encerado dixital

- É a principal porta de entrada nas TIC para a maioría do profesorado
 - Non esixe ningún cambio metodolóxico
 - Permite engadir imaxes, animacións, vídeos... ás clases tradicionais
 - Tamén permite actividades interactivas (colectivas) sinxelas
- Para comezar só cómpre aprender o máis básico!
 - Manexo de ferramentas comúns
 - Engadir imaxes, etc
 - Gardar e recuperar rotafolios



Vencer os temores

- “Abalar é como ter un cabalo: non tes que montalo todos os días”
- Non comezar facendo cousas novas
 - Pode facerse o de sempre, pero introducindo novos elementos
 - Exemplo: “Non llo deas en papel, dálles o documento orixinal”
- Diseñar algo diferente e probalo



A web

- Non é necesario producir materiais, hai miles de actividades boísimas
 - Pero tamén é certo que leva tempo atopalas
- Importante: concibir as actividades como materiais de traballo na aula
 - Implica un traballo de aula algo diferente
 - unha fórmula posible é “primeiro explicar e logo facer”



A aula virtual (Moodle)

- É un complemento boísimo! (non só para Abalar)
- Permite
 - Ter o material de aula organizado e accesible desde calquera ordenador
 - Cuestionarios, tarefas de entrega de arquivos, wikis, foros...
 - Coñecer os usos que fai o alumnado
 - Comunicarse co alumnado
- Un bo comezo é usala como simple repositorio de recursos




Reflexións finais

- Estar en Abalar é unha sorte!, tamén para o profesorado
- Engade (bos) recursos ás aulas
- Posibilita que o ensino sexa máis...
 - achegado á realidade
 - adaptado ás necesidades individuais do alumnado
 - flexible
 - divertido



Reflexións finais

- Os temores do profesorado son os mesmos que xa se deron antes (Xade, presentacións,...)
 - No fondo, o medo é simplemente ao cambio
- Para o coordinador TIC engade traballo, pero tampouco tanto,
 - de solución de pequenas incidencias
 - sobre todo, de asesoramento ao profesorado





Gracias pola atención
(e sorte!)

antonio.rivas@edu.xunta.es

IES Pontepedriña